



hero.es

CADRO 1

Comeza a obra cunha escena de cabaret que se desenvolve dentro dun teatriño á italiana construído a escala reducida. Dous presentadores [Xesús e Manolo] fan de mestres de cerimonia dando a benvida, mentres un grupo de cantantes a capella [Tristán] poñen unha base musical ao discurso e un tremeista [Miguel] moi sui generis se encarga de poñer os ambientes sonoros e os efectos especiais pertinentes. O discurso remata cunha canción.

Señoras e señores, señores e señoras, damas e cabaleiros, pais de familia, secretarias, azafatas, funcionarios, intelectuais, parados, concelleiros de cultura, ocupas, propietarios de chalé adosado, pareado ou individual, directores de E.T.T., integristas, defensores da normativa oficial, irmáns todos en Castelao aquí presentes:

Se vides para pasar un bo rato, buscando diversión, cultura, unha mensaxe... ¡ESQUECÉDEO! porque isto é un espectáculo sen moralexa.

TRISTÁNS: "That's entertainment"

Se esperades que alguén diga en alto o que tanto tempo levades calando ¡REZÁDELLE A DEUS! porque aquí non se fan revolucións.

TRISTÁNS: "Oh Lord, want you by me..."

Se entrastes porque coñecedes a algún ou tedes un amigo que coñece a algún dos que actúan hoxe ¡RECAPACITADE!: ¿Realmente existe o coñecemento?

TRISTÁNS: "Nobody know's..."

Se vos sentastes para ver, criticar, recomendar... ¡ESTADE MOI ATENTOS! porque isto é unha homenaxe aos reis de España, aos pais da democracia, aos redactores da Constitución... gracias aos cales podemos criar os nosos fillos nun país libre e membro de pleno dereito da Gran Europa Unida.

TRISTÁNS: "Fragmento do himno de Eurovisión"

Unha homenaxe aos pais dunha nación na que os nosos fillos teñen dereito á educación, asistencia sanitaria gratis,

cobertura legal de oficio, 5 canais terrestres de televisión e infinitos por satélite e na que, ademais, poden aprender inglés.

TRISTÁNS: "How are you?: I'm fine, thank you".

Isto é un recoñecemento á xente que triunfa e é alguén

Un apoio aberto aos antigos marxistas que agora disfrutan dunha butaca reservada nos grandes teatros e auditorios, dietas por desprazamento e liña directa con despachos ovais.

TRISTÁNS: Internacional

Unha adhesión sincera aos grandes empresarios capaces de construír un país, unha democracia, en beneficio propio sen esquecer o 0,7%

Isto é un recoñecemento exaltado a todos aqueles que son coma nós.

Pero non vos preocupedes: calquera pode chegar a onde nós estamos, calquera pode conseguilo.

TRISTÁNS: "Atento: ti podes ser o próximo."

Só tes que ter unha gran mentira e convertila nunha pequena verdade; unha pequena verdade e convertila nun gran acontecemento.

TRISTÁNS: "Todo se crea ou se destrúe,
Todo é verdade, todo é mentira".

Hai moitas maneiras de chegar arriba, ou iso din. Pero nós só coñecemos a nosa maneira.

A MIÑA MANEIRA

[canción]

Moi lonxe non será
chegar a onde estou xa
pero no cumio estou,
e ti abaixo;
e con esforzo é
como se pode obter,
e da maneira, así ten que ser.

Nunca me traicionei,
eu funlle sempre fiel
ao modo que escollín
desde o principio
e puiden por fin ter
todo canto soñei
e da maneira que hai que
facer.

O sol sae máis cedo ao
madrugar, xa ves;
se queres ter máis luz non
podes ir tras del.
Se a miña idade contas
poderás saber
que ao chegar
ata aquí
non hai fin
para min,
non hai fin:
quero máis.

Procuro mellorar,
non quero descansar
para chegar moito máis alto
aínda.

Son a servil opción
para o meu superior,
condenación
pra o meu inferior.

Son a servil opción
cando hai un superior,
hai que chegar moito máis alto
aínda:
son déspota e cruel
con quen abaixo esté,
é a maneira, así ten que ser.

CADRO 2

Despois de desmantelarse o pequeno teatro sobre o que se representou o cabaré, córrese un [estúpido] velo e os Tristán quedan detrás, en silueta [a contraluz] proxectada sobre o tul. Comeza a narración documental e as proxeccións de Súper 8 con imaxes de nenos.

PATRICIA Houbo un tempo en que a humanidade chegou a alcanzar o grao de felicidade supremo tan anxeiado.
Esta época coincidiu xusto coa explosión demográfica máis grande de toda a historia coñecida.

MANOLO Segundo as investigacións levadas a cabo por Sir Willbourg Astarot, recollidas no seu traballo publicado polo servizo de reprografía da Universidade de Ostende, Demografía e despreocupación partido por esperanza de vida: A ecuación do benestar, isto non é unha mera coincidencia:

SIR WILLBOURG [Ramón -en inglés- e Patricia traducindo simultaneamente]

"Si. Ben. Isto é unha evidencia. Como sabemos, se representamos mediante un diagrama liñal as incidencias demográficas ao longo dun período acotado previamente, concluiremos que o resultado é unha curva na que podemos observar grandes cumios e grandes depresións".

"Se nos detemos a examinar exhaustivamente os accidentes provocados, na gráfica trazada, chegaremos á inevitable conclusión de que os vales máis profundos se corresponden con intervalos de carencias de toda índole. Do mesmo xeito, os elevados cumios, resultado dos altos índices de necementos, dan como consecuencia períodos de bonanza, prosperidade e benestar plenos".

"E ben, é un feito que naquela altura naceu moita xente".

MANOLO Sen embargo, a constatación de que pasaba o tempo e toda esta nova poboación non abandonaba o núcleo familiar, tal explosión natalicia comezou a xenerar unha preocupación crecente no seo da sociedade. Conectamos cos nosos enviados especiais por toda Europa.

ANGELES Os proxenitores fanse eco da alarma, vendo como estes nenos de poboadas barbas, calvicies incipientes e achaques varios seguen a esixir o sustento diario.

Desde Motilla del Palancar informou Angel.es

ANGELES Ao longo da Costa Leste estadounidense, as promotoras inmobiliarias asisten impotentes ao progresivo desinterese pola adquisición de novas vivendas; o fogar paterno cubre todas as necesidades dun teito e un lugar de asento destas novas xeracións.

Desde Springfield, condado de Halifax, informou Angelin.es

ANGELES Todos os estratos dependentes do ciclo natural de crecemento, como as grandes fábricas de mobles, electrodomésticos e todo o sector de servicios acusan a decadencia máis absoluta da demanda, tan necesaria.

Desde Belorizonte, no estado de Minas Gerais [Brasil] informou Angel / in.es

ANGELES Ante tal situación de evidente emerxencia, as autoridades, presionadas por todos e cada un destes sectores, vense obrigadas a tomar cartas no asunto.

Desde os nosos estudos centrais informou Ángeles.

MANOLO A este respecto, chega unha noticia de última hora: por iniciativa da UNESCO, acábase de convocar a "Première Convention Sur les Devoirs d'Emancipation des Grands Enfants aux Païs Desenvolupés" ["1ª Convención Sobre Deberes de Emancipación dos Maiores de Idade nos Países Desenvolvidos".]

MANOLO No punto 1º das Actas da Convención recóllese o seguinte:

[RAMÓN]

1. Os pais que teñan ao seu cargo maiores de idade que leven 40 ou máis anos baixo a súa tutela e protección, terán o deber de obrígalos a buscar un destino e a asumir o seu papel na historia. De non facelo así, será o Estado o encargado de instar ao cumprimento desta tarefa.

MAN/PAT Tal proclama é recibida en todo o mundo con entusiasmo e xa se están a poñer en marcha as recomendacións da UNESCO.

RAMÓN Só nuns poucos casos o Estado vese obrigado a exercer a súa autoridade, localizando aos poucos individuos pasivos que, amparados no máis absoluto anonimato, seguen disfrutando das vantaxes da sociedade do benestar, para evitar que queden descolgados na imparable marcha da historia.

CADRO 3

Rematados os textos en off que se emiten mentres se proxectan as imaxes de super 8, sae o primeiro dos personaxes que formarán a escena familiar. É unha narradora.

PATRICIA: Estado de benestar. Interior noite. Tempo libre. Hai que matalo. O tempo. Benestar=Asasinato. Partamos desa base.

Santiago de Guayaquil. 23. 3º. Esq.

COCIÑA: 23 m2. Luces: a patio de luces. Tendedeiro: en patio de luces. Veciña de enfrente.

[Electrodomésticos varios. Especialmente reseñable o lavavaixelas. Recén adquirido en 16 cómodos prazos de 995 euros, con capacidade para 8 cubiertos. Podería ter un aforro do 25% en consumo eléctrico suprimíndolle o secado final.]

Chan: plaqueta en pezas de 8x3 en tono sufrido e antideslizantes. Carpintería a medida en madeira de piñeiro e verniz color mel. Mesa, neveira [chea] de dous módulos, cociña vitrocerámica e campana extractora de dobre velocidade.

Santiago de Chile. 23. 3º. Esq.

SALÓN: 23 m2. Luces: a piscina. Parqué flotante. Aire viciado. sofá de dúas prazas e dous orelleiros retapizados. Mesa de centro, pousavasos, cinco coxíns e mando a distancia. ¡Televisión! 23".

Santiago de Cuba. 23. 3º. Esq.

ESTUDIO: 23 m2. Luz: directa. De flexo. Cabaletes, tablón, ordenador, dictionarios. Moitos dictionarios. CUARTO DE BAÑO, DÚAS HABITACIÓNS, DESPENSA.

CADRO 4

Patricia sae, e entran en escena tres personaxes que nos contarán a súa particular visión da vida. Primeiro sae Manolo cun saco de durmir e un sofá, despois sae Xesús cargado de dicionarios e, por último, Miguel ataviado cun delantal e un par de reloxos-temporizadores de habitual uso na cociña. Xesús comeza a buscar entradas nun dos dicionarios.

XESÚS: TEMPO: Gañar tempo. Perde-lo tempo. Matal-lo tempo. Duración. Sucesión. Período. Época. Estado. Atmósfera. IDADE...

MIGUEL: Cociñar é una cuestión de tempo. Todo o mundo di "non teño tempo", "lévame moito tempo", "perdo moito tempo"...

Cociñar non é unha cuestión de ter tempo: é unha cuestión de temperamento. Cada un tén o seu punto de ebullición e, dependendo do carácter, ferves antes ou desconxelas despois. Porque a cociña é unha cuestión de temperatura. Por exemplo as cebolas fan chorar, os allos fan recordar e, en cambio, hai pratos combinados que dan a risa.

Cociñar non é o que perece. Todo pasta e todo pega. E faise cocido ao gastar. A cociña é unha ecuación de tempo: de pota a pota e destapo porque me pita. Nunha palabra: facer pucheiros. E para ir abrindo vocabulario, así palabra en restrá, podes pochar, saltear, refritir, levedar, macerar, temperar, socarratear, montar, amasar, moldear, rechear, revestir... En fin. Na cociña ti es o arquitecto.

XESÚS: IDADE: Estar na idade. Estar na idade adecuada para algo. Maioría de Idade: a fixada por lei para exercer os dereitos cidadáns e para emanciparse da patria potestade. Menor de idade... Idade Antiga. Idade de Ouro: o tempo dos HEROES...

MANOLO: Zapear. Fozar no mando. Fedellar de canal en canal: a non permanencia. Como unha metáfora, a metáfora do

avance; ir cara á adiante ou retroceder. Facer algo non facendo nada. Como zarandear o feito da contemplación: a contemplación zarandeadada. A infancia eterna, non crecer, en fin. Zaca, zaca, zaca, zaca...: Telecinco, a Primeira, a Galega, ETB, Canal Zú... etcétera. A que me pareza de cada vez. Ou todo á vez. O pracer da non convivencia por dicilo dunha forma zafia e malintencionada. Ocio e zaping: a fórmula perfecta, o capataz do meu propio tempo, un cacique do coñecemento; o mando como centro e a pantalla como referencia. Zapear: é a única razón de zer ta televisión, a dezpreocupación de ver notiziaz, ou música, ou deporte. Zutztancialmente é como zaltar de zitio en zitio zen zaber onde vaz pouzar oz péz.

XESÚS: hemofilia... doenza hereditaria
hemorroide... tumor vanidoso...
herpes... inflacción cutánea...
hermenéutica... arte de interpelar os textos...
hernia... tumor abdominal...

HEROE: aquel individuo que se distingue polos seus actos extraordinarios fóra do común do resto da XENTE...

xenético: relativo á ORIXE...

ORIXE: principio ou FIN de algo...

FIN: termo ou remate dalgunha cousa. A fin do MUNDO...

MUNDO: ver mundo. Home de mundo. Sexismundo.
CENTRO do mundo...

CENTRO: o que está no medio de algo...

(aparece unha carta no medio do diccionario)

CADRO 5

O home dos dicionarios [Xesús] colle a carta que atopa no medio dun deles e dispónse a lela. Mentres, Miguel e Manolo, ao decatarse do descubrimento do outro, buscan entre as súas cousas e atopan cada un deles unha carta idéntica á do primeiro, dirixida aos seguintes nomes e enderezos:

- 1. Plagio Cifuentes. Santiago de Guayaquil, 23 - 3º Esq.*
- 2. Homenaxe P. Óstumo. Santiago de Cuba, 23 - 3º Esq.*
- 3. Cúmulo Blanco Martínez. Santiago de Chile, 23 - 3º Esq.*

Paulatinamente, as lecturas dos tres vanse entrecruzando.

COMUNICACIÓN A TRÁMITE DE PROCEDEMENTO SANCIONADOR

Comúncaselle o inicio do procedemento sancionador que se detalla a continuación:

1. Ínstaselle a que no prazo de xa e por vía de apremio, abandone no acto a súa postración.
2. Debe asumir o seu papel na historia e cumprir o destino que se lle encomenda. A saber:

A localización do Centro do Mundo e posterior levantamento dunha torre aque así o indique.

FEITOS QUE MOTIVAN A INCOACIÓN DO PROCEDEMENTO:

Ter sobrepasado o límite de idade legal permitido de non produtividade, cos agravantes de parasitismo social e inutilidade persoal.

Segundo dispón o artigo 29.3. do R.D. 1930/199 incorpóranse ao expediente os datos, probas e circunstancias que obran ou foron obtidas nas actuacións de comprobación da súa situación ilegal, e segundo as cales non se lle coñece asociación ou participación en partido, sindicato, asociación profesional ou cultural, clube recreativo ou deportivo ou de calquera outra índole, non coñecéndolle tampouco vinculación con biblioteca, videoclube, caixeiro automático, transporte público ou canal de TV ningún, así como a non

constancia de factura, recibo ou envío postal ao seu nome nos últimos 40 anos.

Polo cal, e de acordo co establecido no artigo 1º da CONVENCIÓN SOBRE OS DEBERES DE EMANCIPACIÓN DOS NENOS MAIORES DE IDADE NOS PAÍSES DESENVOLVIDOS, os feitos indicados anteriormente son constitutivos de infracción grave a gravísima.

Conforme coa proposta, a Asamblea Xeral, e no seu nome ou no seu defecto, o presidente da UNESCO, así o suscribe en Nova York a tantos de tantos do ano tantos.

CADRO 6

O home dos dicionarios remata primeiro coa lectura da súa carta e comeza un pequeno discurso épico-patético subido a un par de libros que fan as veces de púlpito. No transcurso do parlamento, vánselle sumando os outros dous, a medida que cada un deles vai rematando coa súa respectiva lectura, ata confluíren os tres xuntos nunha arenga reivindicativa do seu estado de total abandono.

XESÚS: Por que nacin?
Por que estou aquí?
eu tento entender a razón da miña existencia:
Vivo na soedade mais non teño privacidade,
eu non coñezo a sensación de ter un lar de verdade,
Eu non podo ser visitado por ninguén.
Eu non son convidado de ninguén
Eu non son presentado a ninguén
Eu non son representado por ninguén
Eu non son perdoado e tamén son pecador

XES/MAN: Eu non son respectado
Eu non son amado
Eu non son consumidor
Eu non son empregado
Eu non son considerado
Eu non son conmemorado

OS TRES: Contribuinte eu non son
Eu non son consultado
Eu non son computado
Eu non son fillo do senhor
Eu non son bautizado
Eu non son rexistrado
Eu non son civilizado

**eu son o resto.
o resto do mundo,
son o esquecido, o abandonado, o relegado ao máis
profundo,
eu son o resto do mundo,
eu non son ninguén,
eu non son nada eu non son xente,
eu son o resto do mundo**

*Entran os Tristán's atravesando a tela branca que cubre todo o fondo, cantando o rap orixinal que contén a letra da última estrofa recitada polos tres xuntos anteriormente. Ao remate da canción, quédanse todos parados. Patricia sae de escena. Ángeles inicia un canto difónico mentres Ramón, Terela e Jose comezan a envolver con fixo, sobre o corpo dos tres individuos anteriores, os obxectos característicos de cada un deles [dicionarios, reloxos-temporizador, mando a distancia...] Ao finalizar esta operación, colocan un saco cheo de cortiza de piñeiro diante dos alucinados personaxes. Estes, despois de un momento de dúbida, espárense a cortiza formando tres ringleiras ou camiños, para posteriormente camiñar sobre ela. Os Tristán's entonan un **dabadá** e Ángeles empeza a perseguilos. Finalmente, a escena remata coa fuxida de todos os cantantes.*

CADRO 7

Entran en escena Patricia e Ángeles. Patricia dispónse a contar a historia dos nosos protagonistas en clave de contacontos, mentres Ángeles vai explicitando con diferentes sons e frases o contido da historia. Ao mesmo tempo, detrás delas comeza a construción dunha torre de madeira ao estilo das que se poden ver nos aserradeiros.

Había una vez que eran tres. Los tres llevaban un azucarillo bajo la lengua. Pero jamás ninguno se dio cuenta, por que nunca se besaron.

Así que los tres se echaron al camino con una única misión: buscar el centro del mundo.

Allá uno de ellos encaminó sus pasos hacia el bosque. Y caminó y caminó, y en medio de la espesura, en medio de la gran negrura espesa de la Amazonia, de repente pisó algo duro y negro. Algo que sus ojos jamás habían visto antes. Y así, mirando bien hacia el suelo en que sus pies estaban posados se dijo: o mucho me equivoco o aquí en medio de la espesura, en medio de la gran negrura espesa de la Amazonia, alguien ha construído una autopista. Así que, con mucho cuidado, la cruzó.

Otro de ellos, el segundo, dirigió su itinerario hacia el inmenso desierto. Y caminó durante largas jornadas agobiantes de calor por el día y frías y llenas de alimañas por la noche. Llegó a pensar que nunca más podría llegar al final de aquella llanura de arena y sol (o de arena y luna, según fuera día o noche) hasta que allá a lo lejos, en una de esas jornadas sin fin, divisó una construcción fluctuante en el horizonte. Cuando se acercó, pudo comprobar que era una gasolinera. Casi sin tiempo para pensar dos veces que rayos hacía allí una gasolinera, le preguntó al zopilote que la atendía:

- Disculpe pero ¿significa esto que ya el desierto se acabó pues?

A lo que el dependiente emplumado respondió casi sin mirarle:

- ¿Que desierto?

Y comprendió al instante que no iba a ser fácil averiguarlo.

El tercero, el tercero se enfrentó al mar. Y nadando y nadando, en su largo periplo se encontró con una hermosa sirena a la que preguntó después de tomar aire:

- ¿Acaso sabes tú donde está el centro del mundo?
- NOOOOOOOOOO -respondió con voz melodiosa aquel hermoso ser mitad hembra mitad pescado.

Y allá se quedó embelesado por sus cantos y sus encantos y permaneció feliz a su lado. Hasta que al cabo de tres minutos le dijo:

- Calla un momento. Eres muy hermosa y hemos sido muy felices todo este tiempo, pero tengo una misión que cumplir.

Y partió.

Y volviendo a los otros dos. A los otros... a los otros dos también le pasaron cosas. Mejores y peores. Hasta que un día allá se encontraron los tres, porque la tierra es redonda. Y decidieron esperar a la muerte.

Y en estas estaban cuando a lo lejos vieron como se aproximaban dos figuras: un viejecillo arrugado, ciego y de aspecto muy culto, acompañado de una joven rubia como el oro y con aspecto oriental. El viejo les preguntó:

- Esteee... ¿qué hacen ustedes acá?
- Esperando la muerte doctor -dijo uno
- Ante la imposibilidad de encontrar el centro del mundo - añadieron los otros dos casi simultáneamente.

Y el viejito, que era un sabio, habló así:

- ¿Viste vieja? Estos pelotudos están bien perdidos. Yo también perdí mi juventud con estas pavadas. Hasta que un día descubrí que el centro del mundo estaba dentro de mí. Que el centro está en tu propio yo, y que sólo hay que saber buscarlo bien adentro, adonde tú eres tú y está tu propia esencia.

Y después de cagar esta sentencia, el viejo dio la vuelta y se marchó con toda su sabiduría, y con la rubia como el sol de oriente también.

Y cuando ya estaban los dos un poco lejos, el primero de ellos vomitó con todas sus fuerzas. Y, casi simultáneamente, los otros dos le imitaron. Y así pasaron los días, expulsando todo lo que habían ingerido, y viendo como el nivel del líquido iba creciendo y creciendo hasta formar un río tan ancho que no podías ver sus orillas. Y ante el peligro de morir ahogados en su propio vómito, decidieron construir una torre.

Eran las tres menos cuarto y aquella noche la luna no salió.

CADRO 8

Despois de que Ángeles e Patricia saen de escena, a construción da torre aínda se prolonga. Desde detrás da cortina branca, os Tristán irán metendo un ambiente sonoro ata que, xusto ao remate da construción entrarán en fila en escena para facer que os dous constructores que están abaixo fuxan despavoridos. O home dos dicionarios, atópase subido ao alto e aí permanecerá ata o remate da obra xa que, despois de recitar o monólogo calderoniano –que se relata a continuación–, no que se pregunta que sentido ten todo aquilo de construír unha torre, decide aforcarse dentro.

E agora ¿qué hago aquí?
acabado ya el trabajo
que a este lugar me trajo
la orden que recibí.

¿Quién soy? por decirlo así,
tan poco del mundo sé
que cuna y sepulcro es
esta torre para mí.

¿Para eso echar a andar?
¿Para buscar un destino
en el que una torre alzar
y llamar del mundo centro,
sin reparar que por dentro
de uno mismo pueda estar
lo que en tal o cual lugar
a procurar partió, fue o vino?

Antes que llamarlo sino,
misión, meta, encomienda,
a mi toda esta contienda
más se me hace desatino
y muerte premeditada
por quienes, sin hacer nada,
piensan lo que nosotros,
contentos con nuestra hacienda,
hemos de acatar devotos.
¡Que conteste quien lo entienda!

¡Sea pues! ¡Cúmplase el ciclo!
¡Júntense alfa y omega
y sea el centro de la Tierra
este monumento vivo
en el que agora yo muero
prescindiendo del acero.

Fálteme el aire sin más
suspendido en sus entrañas,
teja yo la telaraña
de todo lo que en falaz
y falso sustento se construya,
sin reparos, desde arriba.
Urda así la gran mentira:
que mi muerte constituya
el principio de la farsa.
Haga el todo donde hay NADA..

CADRO 9

Con Xesús aforcado, saen os Tristáns a cantar unha canción coa melodía de IN THE GHETTO.

IN THE GHETTO

Non hai volta atrás
se unha tumba acabas de cavar
saberás que non has poder saír
desde dentro.

Ninguén te oirá
cando queiras que alguén veña a ti
todo o mundo correrá a decirche
é un ghetto.

Pero cando non estés
recordarán quen es:
aquele que un día morto caeu sen ver
que á súa vida gris
quixo poñerlle un fin
para poder redimir
ao mundo coa súa fe.

Todos mentirán
cando digan que o lugar no que agora estás
é un monumento ao que hai que adorar,
é o centro.

CADRO 10

Despois de que os Tristán acaban de cantar "In the ghetto", colócanse en formación a un lado da torre, cos caldeiros aínda na cabeza. PATRICIA dá unha orde e quítanos todos á vez. Queda cada un co seu debaixo do brazo. Entra MANOLO cun caldeiro, levándoo como se fose un maletín, cheo de baietas empapadas. Déixao aos pés de PATRICIA. Adiántase uns pasos ata que todo o público poida velo. Comeza a emocionarse e non dá pronunciado nin palabra. Mentres isto pasa, os Tristán van collendo cada un unha baieta e pousando o caldeiro. MANOLO entón salouca ou funga e os Tristán retorcen a baieta enriba do caldeiro e cae un mogollón de auga.

- MANOLO. Estamos hoxe aquí para rendir homenaxe a ese prócer, a ese espírito humilde que soubo, coa súa vida tranquila e apacible, encher de luz os nosos pasos titubeantes. Esa mente preclara que soubo dotar ás cousas sinxelas da importancia necesaria para que nos sirvan de faro e guía no medio da penumbra ou a tormenta. O home sobre o cal se apoian os cimentos desta fundación, que eu humildemente presido, e que fai posible levar a esperanza a miles de fogares, antes deshauciados. Este túmulo no é, pois, un luctuoso símbolo de morte ou de fin ineludible. Lonxe diso, é un monumento á vida, unha exhaltación da ledicia e a fe nas cousas e as persoas. Un espello no que mirarnos para non esquecer nunca quen somos.
- MIGUEL. Perdona tío. Xa estou mellor. ¿Que tal? ¿Seguimos?
- MANOLO. Pero... ¿Cómo se atreve?
- MIGUEL. Eh ¿Qué pasa? ¿Non seguimos coa torre? Encontreime un pouco mal, pero xa estou ben. ¡Veña vamos!
- MANOLO. ¡É vostede un botarate! ¡¡SEGURIDADE!!
- MIGUEL. Pero tío... ¿No te lembras? Joder perdona. Ti tamén... ¡es un rencoroso!
- MANOLO. Está vostede enturbiando o acto. Y con iso tamén a memoria do noso salvador. ¿Non se decata?

MIGUEL. ¿De qué falas? Pero se estabamos os dous... [mirando para a torre e vendo a Xesús colgado] ¡Ostia! pero se hai un morto [A Manolo] [Medio emocionado] ¿Que pasou?

MANOLO. Non pasou. Quixo que pasase. Entregou a súa vida para evitar que nos nosos corazóns seguise aniñando o odio e a indiferencia, amosándonos a senda da entrega, a bondade e a solidariedade.

MIGUEL. [Mareándose] Creo que me empezo a sentir outra vez un pouco mal. [Vomita]

MANOLO tenta seguir co discurso, pero emociónase e comeza a chorar outra vez. MIGUEL mira para MANOLO e comeza a chorar tamén. Dálle un pequeno ataque e dálle un puñetazo á torre.

MIGUEL [Chorando] ¡¡Dioos! ¿Por qué? Non o vamos deixar aí colgado. Se polo menos tivésemos...

MANOLO. [Cortándoo] Ah, un cadaleito.

MIGUEL. [Recompoñéndose] Eh! Creo que aí entre caixas vin antes un. Espera aquí, veño agora. [Vaise] [Desde atrás] ¡Eh tío! ¡Estamos de sorte! ¡Hai dous!

MIGUEL fala desde atrás.

MIGUEL. Joder ¡qué mala sorte! ¡Están ocupados! Parecen nenos.

MANOLO. Criaturas. [Mirando dentro] ¡Que boa idea colocalos boca abaixo!

MIGUEL. [Vendo a carta] E trae albarán de entrega.

MIGUEL colle a carta e dálla a MANOLO. É a carta real dos nenos africanos dirixida á Gran Europa. MANOLO comeza a ler. Polo medio para e larga un discurso.

MANOLO. Pobres criaturas. Tan na flor da idade. ¿Que veñen buscar aquí? Veñen dereitos á condenación e ao caos da civilización. Queren entrar nun mundo implacable onde van ser devorados. Eles non o saben, pero os seus pais deberían facerlles ver a sorte que teñen. No seu país teñen todo o que poden necesitar. Viven en contacto coa natureza. Teñen a fortuna de poder convivir aínda cos animais. O alimento aínda crece libre e espontáneo nas árbores e nas chairas e aínda así seguen querendo vir aquí onde hai que pagar por todo e todo ten un prezo. Hai que parar todo este flujo. Explicarlles que non sempre o de fóra é mellor que o que teñen na casa. O seu verdadeiro problema é que están desinformados. A esta xente o que realmente lle fai falta é estar conectados co mundo, saber o que pasa máis alá da súa realidade. A solución a todos os seus problemas está en conectarse a INTERNET.

Faise escuro e comeza proxectarse sobre a torre unha conexión a INTERNET mentres os Tristán cantan o himno nazi. A proxección remata cos créditos do espectáculo e coa palabra FIN.